

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

ORDE do 10 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (código de procedemento PR487A).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, regula nos artigos 255 e 256 as asociacións de veciños e determina, especificamente, que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento daquelas que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; que as constituídas con esta finalidade terán a consideración de entidades de participación cidadá; que poderán federarse dentro de cada municipio; que a Xunta de Galicia levará un Rexistro xeral en que se inscribirán as existentes na Comunidade Autónoma e que a ela lle corresponde, a través da consellería competente en materia de réxime local, prestarlles a debida asistencia e axuda.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a xestión dos asuntos propios das asociacións, así como as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio), sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas.

Pola súa vez, o artigo 29 do citado decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión dos asuntos propios das asociacións, así como das relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, e son, en particular, competencias dese centro directivo o fomento do asociacionismo veciñal e o impulso, estudo e control do cumprimento da Lei de Administración local de Galicia, e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes regula mediante esta orde, dentro do ámbito das súas competencias, axudas específicas para investimentos destinados a diversas entidades de participación cidadá de Galicia (organizacións veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunidades de usuarios de augas), coa finalidade



de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta orde tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nesta orde, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Por todo isto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación e autorizada mediante acordo do Consello da Xunta a concesión de anticipos de ata o 100 % da subvención concedida, sen constitución de garantías, en uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e beneficiarias*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas para investimentos destinados ás entidades a que se refire o número 3 deste artigo, coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e a fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal (código de procedemento PR487A).

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 10, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Adxudicaráselles a subvención a aquelas entidades que obteñan a máxima puntuación, sen superar, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada no artigo 2 destas bases reguladoras.

3. Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no Rexistro público correspondente e asociacións de mulleres rurais de Galicia (en diante, entidades), para realizar investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos cales lles corresponda o dereito de uso, e traídas de auga veciñais, coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.



4. As entidades deberán estar, en todo caso, debidamente inscritas no correspondente Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial), dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociacións de veciños ou como asociación de mulleres rurais, segundo o caso.

5. As comunidades de usuarios de augas deberán estar legalmente constituídas e inscritas no libro do Rexistro de Augas do correspondente organismo de bacía como titulares do aproveitamento de augas para o cal solicitan subvención.

6. Non se admitirán as solicitudes das entidades non inscritas na data en que remate o prazo de solicitudes.

Artigo 2. *Crédito*

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.781.0 (código de proxecto 2016 00375), ata un importe máximo de tres millóns de euros (3.000.000 de euros), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, coa seguinte distribución inicial por liña de subvención:

Liña	Importe
Liña 1. Obras	2.600.000,00
Liña 2. Equipamentos	400.000,00
Total	3.000.000,00

2. A axuda económica que se conceda poderá abranguer a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras (liña 1) e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos (liña 2).

Segundo o previsto no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega pública fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Enténdese que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, de ser o caso.

3. No caso de que o importe destinado a unha das liñas de subvención non se esgote, a cantidade dispoñible incrementará o orzamento destinado á outra liña.



4. Existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Destino das subvencións*

1. Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de obras realizadas en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os cales teña un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como a adquisición de equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e ao seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

2. Para os efectos desta orde, considéranse subvencionables os seguintes proxectos:

a. Liña 1: as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais en que a entidade veciñal ou de mulleres rurais desenvolve a súa actividade, e as obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas.

b. Liña 2: a adquisición de equipamentos básicos dos locais, necesarios para o funcionamento ordinario da entidade, integrado por mobiliario, equipamentos de oficina, equipamento informático ou equipamento acústico e audiovisual, e a adquisición doutro equipamento ou mobiliario para actividades específicas, que non terá carácter básico.

En calquera caso, só serán subvencionables os proxectos operativos, é dicir, aqueles que conteñen os elementos necesarios para acadar a finalidade para a cal foron solicitados.

3. Sen prexuízo de calquera outra actuación que non se considere elixible como consecuencia do previsto nesta orde ou na normativa xeral de subvencións, non son subvencionables os gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugamentos de locais e similares, a adquisición de elementos decorativos ou ornamentais nin a compra de teléfonos móbiles.



Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. As entidades que presenten solicitude para obras e para equipamentos poderán formular unha única solicitude, á cal lle xuntará a documentación complementaria que se relaciona no artigo 5.

4. Están incluídas no anexo I desta orde as declaracións da persoa representante da entidade para facer constar que:

– A entidade solicitante non está incurso en causas de incompatibilidade para percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.

– O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e o compromiso de comunicarlle á Dirección Xeral de Administración Local as que obteñan nun futuro.

– A entidade solicitante coñece e acepta as bases reguladoras da subvención.



– A entidade solicitante posúe a titularidade ou ten dereito de uso por calquera título válido sobre os terreos ou inmobles nos cales se vai desenvolver o proxecto subvencionado.

Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria da entidade solicitante no modelo do anexo II, en que fagan constar:

– O acordo do órgano competente da entidade solicitante polo cal se aproba participar nesta convocatoria de subvencións e do nomeamento da persoa representante para as súas relacións coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

– O número de membros da entidade: número de persoas asociadas (asociacións veciñais e asociacións de mulleres rurais) ou número de persoas comuneiras (comunidades de usuarios de augas).

b) Memoria valorada das obras para as cales solicitan subvención (liña 1), que estará asinada electronicamente pola persoa representante da entidade, co seguinte contido mínimo para posibilitar a valoración da solicitude con relación aos criterios establecidos no artigo 10:

– Descrición das obras que se pretende realizar.

– Necesidade da realización das obras e os obxectivos que se pretenden conseguir coa súa execución.

– A data de construción do inmovle ou da traída, segundo proceda.

– Planos e/ou fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.

– Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluírá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación.

No caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.



c) Nas solicitudes para equipamento (líña 2), presentarase unha memoria valorada co contido mínimo necesario para a valoración da solicitude con relación aos criterios establecidos no artigo 10 destas bases:

- Relación do equipamento ou mobiliario que se vai adquirir.
- Necesidade da adquisición deste equipamento ou mobiliario e obxectivos que se pretenden conseguir con estas dotacións.
- Fotografías do inmovible que se vai equipar ou amoblar.
- Data de construción do local.
- Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos e cantidades e o seu prezo unitario, e incluírá o imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa de aplicación.

No caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electróni-



ca da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no punto anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Certificación de estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

b) Certificación de estar ao día nas obrigas fronte á Seguridade Social.

c) Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda da Comunidade Autónoma.

d) NIF da entidade solicitante.

e) Inscripción da entidade no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

f) Inscripción no Rexistro de Augas do correspondente organismo de bacía.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 7. *Acumulación de expedientes*

De acordo co previsto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o órgano tramitador aprecie que



unha mesma entidade presentou máis dunha solicitude para obras ou para equipamentos, acordará a súa acumulación e proseguirá a súa tramitación como un único expediente, e aplicaranse os importes máximos de subvención establecidos no artigo 2.2.

Artigo 8. *Defectos na solicitude e outra documentación*

1. O defecto nas solicitudes seralles notificado ás persoas interesadas pola Dirección Xeral de Administración Local e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días para emendaren os erros ou omisións, con indicación de que, de non o faceren así, se considerarán desistidas da súa petición, logo da resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá requirir as entidades solicitantes para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da solicitude ou para a súa tramitación e resolución.

Artigo 9. *Instrución e resolución*

1. Unha vez rematado o prazo para presentar as solicitudes, revisadas estas e a súa documentación e feitas as emendas necesarias, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e conteñan a documentación preceptiva serán trasladados a unha comisión para que os valore de acordo cos criterios establecidos no artigo 10 destas bases reguladoras.

2. A Comisión de Valoración estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local e dela formarán parte os delegados e as delegadas territoriais da Xunta de Galicia ou as persoas nas cales deleguen. Actuará como secretaria a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais da Dirección Xeral de Administración Local ou unha persoa funcionaria da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefe/a de servizo.

3. Unha vez que a Comisión realice a valoración das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de avaliación establecidos no artigo 10, da cal quedará constancia en acta motivada, a Dirección Xeral de Administración Local elevará proposta á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quen resolverá.



4. O prazo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde será de catro meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

5. A resolución notificaráselles a todas as entidades interesadas segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, de conformidade co artigo 23.5 da mesma lei, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

6. Contra esta resolución as entidades interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso-administrativo que corresponda.

7. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida por esta.

Artigo 10. *Criterios de valoración*

1. Na valoración das solicitudes presentadas ponderaranse os seguintes aspectos, ata un máximo de 100 puntos:

a) A representatividade da entidade solicitante valorarase ata 15 puntos, con base no número de persoas asociadas ou comeneiras acreditado mediante certificación emitida pola persoa secretaria da entidade. Nesta epígrafe establécense os seguintes tramos de valoración para cada tipo de entidade:

1) Asociacións veciñais:

Número de membros	Puntos
De 1 a 20	6
De 21 a 50	8
De 51 a 100	10



Número de membros	Puntos
De 101 a 200	12
Máis de 200	15

2) Comunidades de usuarios de augas:

Número de membros	Puntos
De 1 a 100	2
De 101 a 250	4
De 251 a 1.000	8
Máis de 1.000	15

3) Asociacións de mulleres rurais:

Número de membros	Puntos
De 1 a 40	8
De 41 a 100	12
Máis de 100	15

b) A tipoloxía do proxecto puntuarase con base nos seguintes criterios específicos, que terán carácter acumulable ata un máximo de 50 puntos:

1) Nas solicitudes para obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais en que a entidade veciñal ou de mulleres rurais desenvolve a súa actividade (liña 1) puntuaranse aspectos específicos relativos á tipoloxía do proxecto para potenciar aquelas actuacións que signifiquen unha maior incidencia sobre o mantemento da actividade da entidade, considerando aspectos como:

a. Obras de mellora da accesibilidade, mellora e reparación da estrutura e da cuberta do edificio: 20 puntos.

b. Obras sobre fachadas, instalación ou cambio de ventás, paramentos interiores, pavimentos ou teitos: 15 puntos.

c. Obras en instalacións de fontanaría, saneamento, electricidade ou calefacción: 15 puntos.

2) No caso das solicitudes para obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas (liña 1), puntúanse aspectos específicos que teñen que ver coa tipo-



loxía do proxecto, priorizando aquelas obras de reparación das infraestruturas básicas das traídas de auga afectadas polos incendios forestais do verán 2025 en que se declarou a situación operativa 2, coa seguinte gradación:

a. Obras sobre a infraestrutura básica das traídas de auga (a captación, as canalizacións ou os depósitos) afectadas por un incendio forestal durante o verán 2025, en que se declarou a situación operativa 2: 50 puntos.

b. Obras sobre a infraestrutura básica das traídas (a captación, as canalizacións ou os depósitos) distintas das anteriores: 10 puntos.

c. Obras destinadas a mellorar a xestión, a medición ou o control de calidade da auga, as que permitan optimizar a eficiencia e o aforro enerxético na traída de augas ou sobre elementos complementarios asociados á infraestrutura da traída: 5 puntos.

3) No caso das solicitudes para equipamento e mobiliario (liña 2), a puntuación neste criterio asignarase con base nos seguintes aspectos:

a. Adquisición de equipamentos dos locais, necesarios para o funcionamento ordinario da entidade integrado por mobiliario básico e equipamentos de oficina: 20 puntos.

b. Adquisición de equipamento informático: 15 puntos.

c. Adquisición de equipamento acústico ou audiovisual: 10 puntos.

d. Adquisición doutro equipamento ou mobiliario para actividades específicas, que non terá carácter básico: 5 puntos.

c) O interese da actuación valorarase con base na data de construción do inmovible, no caso de solicitudes para obras (liña 1) ou para adquisición de equipamento (liña 2), ou da antigüidade da traída (liña 1), ata un máximo de 8 puntos:

1) Antigüidade do inmovible ou da traída igual ou inferior a 5 anos: 4 puntos.

2) Antigüidade do inmovible ou da traída entre 6 e 15 anos: 6 puntos.

3) Antigüidade do inmovible ou da traída superior a 15 anos: 8 puntos.



d) Xustificación da necesidade do proxecto e obxectivos que pretenden conseguir coa súa realización: para a valoración desta epígrafe, ata un máximo de 20 puntos, a Comisión terá en conta as necesidades da realización do proxecto con base no contido da memoria explicativa.

e) A optimización dos recursos dispoñibles valorarase asignándolles maior puntuación a aquelas entidades que non obtiveron subvención en anos anteriores, ata un máximo de 5 puntos:

1) Ás entidades solicitantes que non foron beneficiarias de ningunha subvención en convocatorias anteriores do procedemento PR487A asignaráselles 5 puntos.

2) Ás entidades solicitantes que foron beneficiarias dunha subvención nunha convocatoria anterior do procedemento PR487A asignaráselles 2 puntos.

3) Aquelas entidades solicitantes que foron beneficiarias de subvencións en dúas ou máis convocatorias do procedemento PR487A obterán 0 puntos.

f) A calidade da documentación presentada valorarase ata un máximo de 2 puntos, tendo en conta os seguintes aspectos:

1) Aquelas solicitudes correctas e completas e sobre as cales non hai que requirir emenda nin achega de documentos complementarios.

2) A claridade expositiva da memoria de actividades.

2. No caso de empate na puntuación final entre dúas ou máis solicitudes, a orde de prelación establecerase con base na data e na hora de presentación da solicitude. Naqueles supostos en que, ao abeiro do establecido no artigo 8, se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por data e hora de entrada da solicitude aquela en que o dito requirimento estea correctamente atendido.

Artigo 11. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Aceptación*

1. A persoa representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.



Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

2. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

3. A Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Artigo 14. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigadas a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

2. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización do proxecto que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.

5. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005,



do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

8. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
- b) Incumprimento da obriga de xustificar a subvención nos termos establecidos no artigo 16 desta orde.
- c) En todo caso, será reintegrado o financiamento público polo importe pagado da subvención que supere o custo final xustificado do proxecto subvencionado.
- d) Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención durante un período mínimo de cinco anos. O incumprimento da obriga de destino referida producirase, en todo caso, co alleamento ou gravame dos bens e quedarán estes afectos ao pagamento do reintegro, calquera que sexa o seu posuidor.
- e) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

Artigo 15. *Publicidade dos proxectos subvencionados*

1. Todas as entidades beneficiarias deberán dar publicidade do financiamento da actuación mediante a colocación dun cartel anunciador en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia, con cargo ao Plan específico de acción comunitaria, segundo o modelo e as dimensións establecidas no anexo IV e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia, e deixarán constancia fotográfica deste cartel colocado no lugar das actuacións.

2. O cartel explicativo deberá permanecer durante un mínimo de cinco (5) anos nun lugar visible e de maior concorrencia no lugar da actuación. Polo tanto, estará plastificado,



enmarcado ou elaborado nun material que, de maneira permanente e inalterada, lle permita á entidade beneficiaria cumprir coa obriga de publicidade.

Artigo 16. *Xustificación e pagamento*

1. Poderase realizar o pagamento do 100 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación expresa desta.

Ao abeiro do disposto no artigo 63.1.dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do órgano concedente.

Conforme o artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, para a concesión dos pagamentos anticipados non se exixirá a presentación de garantías por parte das entidades beneficiarias.

2. As entidades beneficiarias terán de prazo, para executaren o proxecto subvencionado e presentaren a correspondente xustificación dos investimentos realizados, ata o 15 de outubro de 2026. Para tales efectos, deberán achegar:

a) Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta.

A presentación das fotografías farase de xeito que identifique os lugares e o momento da execución a que correspondan (antes, durante e despois).

En todo caso, incluíranse as fotografías que acrediten o cumprimento da obriga de publicidade dos proxectos subvencionados, na forma establecida no artigo 15 destas bases reguladoras.

b) Conta xustificativa dos gastos no modelo do anexo III, asinada electronicamente, na cal se relacionarán as facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, o NIF, o número da factura, o concepto e o importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.



c) Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.

d) Documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas mediante transferencia bancaria, debidamente identificada. Non se admitirán pagamentos en efectivo, mediante cheque bancario nin tarxeta de crédito ou débito.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a actuación subvencionada ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, e o compromiso de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o modelo do anexo III.

Esta declaración deberá vir asinada electronicamente polo presidente ou presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta.

f) Declaración asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade, ou por quen actúe en representación desta, de que se cumpriu a finalidade da subvención segundo o modelo do anexo III.

3. A Dirección Xeral de Administración Local poderá requirir as entidades solicitantes para achegaren cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

4. O aboamento da subvención efectuarase directamente á entidade beneficiaria na conta bancaria indicada por esta, que deberá ser da súa titularidade.

5. O transcurso do prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención ou dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro, segundo o caso, sen prexuízo do establecido nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 8/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 17. *Devolución voluntaria da subvención*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias po-



derán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar, ante a Dirección Xeral de Administración Local, a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e denominación da subvención concedida.

Para estes efectos, no texto da operación farase constar sempre «Devolución subvención. PR487A/2026».

Artigo 18. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, e deberán cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No suposto de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pagamento da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supor unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

Artigo 19. *Concurrencia de axudas e subvencións públicas*

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.



Artigo 20. *Perda do dereito ao cobramento da subvención*

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen causas de perda do dereito ao cobramento da subvención, total ou parcial, as seguintes:

a) Non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma exigibles ou ser a súa presentación insuficiente ou incompleta.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlles á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 22. *Información relativa á orde de convocatoria*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Administración Local a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<http://cpapx.xunta.gal>).

b) Nos teléfonos 981 54 62 11, 881 99 72 58 e 981 54 61 72.

c) No enderezo electrónico: administracionlocal@xunta.gal



Artigo 23. Réxime de recursos

Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpor os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a orde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira

Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta orde, de conformidade co previsto no artigo 3.5 da Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG núm. 117, do 18 de xuño).

Disposición derradeira segunda

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira cuarta

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2026

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADO A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS OU UNIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR487A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 RAZÓN SOCIAL

ENDEREZO

 PAÍS

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**
**ANEXO I
(continuación)**
DATOS BANCARIOS
 Formato IBAN

 Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

LIÑA 1 - OBRAS		LIÑA 2 - EQUIPAMENTOS		TOTALS	
ORZAMENTO DAS OBRAS:	<input type="text"/>	ORZAMENTO DOS EQUIPAMENTOS:	<input type="text"/>	ORZAMENTO TOTAL:	<input type="text"/>
IMPORTE SOLICITADO PARA OBRAS:	<input type="text"/>	IMPORTE SOLICITADO PARA EQUIPAMENTOS:	<input type="text"/>	IMPORTE SOLICITADO TOTAL:	<input type="text"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que a entidade solicitante posúe a titularidade ou ten dereito de uso por calquera título válido sobre os terreos ou inmobles en que se vai desenvolver o proxecto subvencionado.
7. Que a entidade solicitante acepta as bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria da entidade solicitante, na cal faga constar o número de membros da entidade (anexo II).
- Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria da entidade solicitante, na cal faga constar o acordo do órgano competente polo que aproba participar nesta convocatoria e nomea persoa representante (anexo II).
- Memoria valorada da obra, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade solicitante, co contido indicado no artigo 5.1.b).
- Memoria valorada do equipamento, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade solicitante, co contido indicado no artigo 5.1.c).



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día nas obrigas fronte á Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
Inscrición no Rexistro de Augas do organismo de bacía	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificación de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (código de procedemento PR487A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Administración Local



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO II

CERTIFICACIÓN EN FASE DE SOLICITUDE

PR487A - SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADO A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS OU UNIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO			
<input type="text"/>			

CERTIFICA, con base na documentación que figura no expediente:

- Que esta entidade, mediante (acordo/resolución/outra) do/da (Presidencia/Xunta

Directiva/outras), do , acordou solicitar subvención ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, para o proxecto denominado

con orzamento total de € (IVE incluído), e designou como persoa representante a

, en calidade de (presidente/a,

secretario/a, outros).

- Que o número de persoas asociadas (asociacións veciñais ou de mulleres rurais) ou comuneiras (comunidades de usuarios de augas) é de .

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data , de de

Dirección Xeral de Administración Local




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO III

DECLARACIÓN DE GASTOS E OUTRAS AXUDAS EN FASE DE XUSTIFICACIÓN

PR487A - SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADO A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS OU UNIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)
IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á/s actuación/s subvencionada/s ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, son os que se relacionan a seguir:

PERSOA A CREDORA	NIF	CONCEPTO	Nº FACTURA OU DOCUMENTO EQUIVALENTE	IMPORTE	DATA DE EMISIÓN	DATA DE PAGAMENTO

2. Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

3. En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales obtivo esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales obtivo esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	SOLICITADA/CONCEDIDA/PAGADA (indíquese o que proceda)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTESANEXO III
(continuación)**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Administración Local

**XUNTA
DE GALICIA**

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO IV

MODELO DE CARTEL PUBLICITARIO

 XUNTA DE GALICIA	
ESPAZO PARA O NOME DA ENTIDADE BENEFICIARIA	
PROXECTO ARIAL NEGRA Cor negra Máximo 3 liñas	SUBVENCIÓN ARIAL NEGRA €
PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA 2026	

Tamaño mínimo do cartel: DIN A3 (420 mm de longo por 297 mm de alto)

